

## ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA PARA O ESTUDO DA MELLORA DO CRECEMENTO DE ESPECIES DE ACUICULTURA (BIOROCK).

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cándido Rial Rodríguez, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Universidade de A Coruña un convenio de colaboración para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura (BIOROCK) por un período de vixencia que abrangue dende o 24/04/2025 ata o 15/11/2025.

A Comisión de Seguimento, establecida na cláusula sexta do convenio, reúnese o 23.06.2025. Por parte dos representantes de Universidade da Coruña, sinálase que o período para a execución do proxecto estaba estimado en seis meses, pero dada a demora na sinatura do convenio o tempo para a súa execución quedou reducido afectando, ademais da propia investigación, as partidas como a da contratación do persoal, que non se vai poder levar a cabo polo prazo previsto, sendo imprescindible para o apoio na investigación.

O Subdirector Xeral de Acuicultura manifesta que, efectivamente, a tramitación para a sinatura do convenio coa Universidade da Coruña prolongouse máis do previsto por motivos internos da propia tramitación, o que pode supoñer un inconveniente para a correcta execución dos traballos previstos para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura (Biorock).

Unha vez informado este punto, a Comisión acorda tramitar a Addenda de modificación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura (Biorock), para ampliar o prazo de xustificación e finalización do convenio nas seguintes datas:

- Cláusula cuarta. Duración da actividade.

A duración do convenio estenderase ata o 15/12/2025.



Cláusula décima. Períodos de execución e xustificación

-Período de realización de gastos e pagos: Dende a sinatura ao 31/10/2025

-Data límite de presentación documentación xustificativa: 30/11/2025

De conformidade ao exposto, a Comisión de Seguimento acordou modificar o convenio nestes termos, así que, as partes acordan a subscrición da presente Addenda ao devandito convenio, de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto da presente Addenda do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de A Coruña para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura (Biorock), é modificar a cláusula cuarta e décima para ampliar os prazos de duración, execución e xustificación do convenio.

### Segunda.- Modificación da cláusula cuarta.

A cláusula cuarta "duración do convenio", queda coa seguinte redacción:

Este convenio entrará en vigor tras a súa sinatura por todas as partes, e a súa duración estenderase ata o 15/12/2025, podendo ampliarse de mutuo acordo se as investigacións e desenvolvementos non produciran o froito esperado e as partes consideran oportuna a súa ampliación. Neste caso, e con anterioridade á finalización do convenio, subscribirán unha prórroga para o efecto, consonte ao establecido na cláusula duodécima.

### Terceira.- Modificación da cláusula décima

A cláusula décima "prazos de execución e xustificación", queda coa seguinte redacción:

Tanto a memoria de actividade científico-técnica do punto 1, como a memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos no período de xustificación do punto 2, presentaranse



dentro dos seguintes prazos:

|                                                      |                                        |
|------------------------------------------------------|----------------------------------------|
|                                                      | ANO 2025                               |
| Período de realización de gastos e pagos             | Dende data de sinatura a<br>31/10/2025 |
| Data límite presentación documentación xustificativa | 30/11/2025                             |

Previo ao aboamento que corresponda, certificarase polo responsable do proxecto que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente convenio.

#### **Cuarta.-**

En todo o non nomeado expresamente pola presente Addenda, seguirá en vigor o disposto no Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

